

CV22040

Memoria xustificativa da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Padrón para a execución da actuación "Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Nextgenerationeu.

1.- Antecedentes

1. O 23.12.2022 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Padrón para a execución da actuación "Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Nextgenerationeu, mediante tramitación anticipada de gasto; cun importe de 10.100.000,00 €.

2. O 12.12.2024 subscribiuse a primeira addenda ao convenio co fin de modificar o título do convenio, diminuír o importe do convenio, ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, reaxustar as anualidades do convenio ao ritmo previsto de execución das actuacións. Quedando as anualidades como seguen:

Ano	Importe
2023	0,00 €
2024	755.004,70 €
2025	7.583.913,02 €
2026	1.199.175,81 €
TOTAL	9.538.093,53 €

2. Causas que motivan a formalización dunha addenda ao convenio

No ámbito do convenio realizáronse as seguintes adxudicacións:

- Adxudicación á UTE-ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, SA & VÁZQUEZ Y REINO, SL, do contrato de obra de "Mellora do abastecemento do sistema da marxe



dereita da ría de Arousa. Ampliación da estación de tratamento de augas potables do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", con referencia de expediente **AUG-2022-0016 (OH.215.1218)**. O contrato formalizouse o 06.03.2024, por un importe de 8.466.672,58 €.

De conformidade co disposto no artigo 242.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ao importe de adjudicación anterior débese engadir o importe do documento contable de retención de crédito para facer fronte aos gastos da certificación final da obra por un importe de 846.667,26 €.

Trala a realización dunha campaña de caracterización do lodo no proceso existente de clarificación, as concentracións obtidas amosan unhas condicións que precisan da modificación do proceso previsto de espesado no proxecto primitivo. Por outra banda, como a estación de tratamento do Casal atópase encaixada nunha plataforma delimitado por un noiro que a separa da estrada AC 242 e muro de contención paralelo ao río Ulla, a realización dos traballos previos de limpeza e escavación nas inmediacións deste noiro provocaron desprendementos de rocas que precisan, de xeito preventivo, levar a cabo actuacións de mantemento e estabilización.

Nestas condicións, o 26.08.2025 apróbase tecnicamente o proxecto modificado nº 1 da obra "Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", de clave **OH.215.1218.M1**, o que supón un orzamento adicional de 1.263.921,67€

O contrato menor Servizo para a redacción do proxecto modificado da obra "OH.215.1218 - Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da Ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", **M.25018**, adxudicouse por un importe de 17.998,75 €.

- b) O contrato de servizo de asistencia técnica á dirección facultativa da obra de mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da Ría de Arousa. Ampliación da estación de tratamento de augas potables do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña), de clave **OH.715.1234**,



formalizouse o 12.04.2024 por un importe de 133.826,00€. Na actualidade estase a tramitar a prórroga deste contrato por importe 21.052,49€.

- c) O contrato de servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial no marco da actuación de mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da estación de tratamento de augas potables do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña), de clave **OH.715.1237** formalizouse o 20.02.2024 por un importe de 90.927,69€. Na actualidade estase a tramitar a prórroga deste contrato por importe 15.007,62€.

A suma de todas as cantidades anteriores ascende a 10.856.074,06€, importe maior á cantidade de 9.538.093,53 € consensuada na cláusula 4ª do convenio tras a addenda asinada o 12.12.2024, motivo polo que é preciso aumentar o importe do convenio.

3. Obxectivos que se pretenden

A addenda ten por obxecto modificar a cláusula cuarta, relativa ao réxime de financiamento e obrigas de carácter económico, aumentando o importe do convenio en 1.317.980,53€, quedando fixado en 10.856.074,06€ e, consecuentemente, reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución do convenio, da seguinte maneira:

Ano	Importe
2023	0,00 €
2024	755.004,70 €
2025	7.601.911,77 €
2026	2.499.157,59 €
TOTAL	10.856.074,06 €

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón

